

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Servizos Económicos - Oficina Orzamentaria

Anuncio de aprobación definitiva do orzamento xeral e do cadro de persoal para o exercicio 2021 do Concello de Santiago de Compostela

Aprobación definitiva do orzamento xeral e do Cadro de Persoal para o exercicio 2021 do Concello de Santiago de Compostela

O Concello-Pleno na sesión extraordinaria celebrada en data de 17 de marzo de 2021 prestou aprobación inicial ao orzamento xeral desta entidade, do seu organismo autónomo Auditorio de Galicia e das sociedades mercantís de capital integramente municipal INCOLSA e TUSSA así como o cadro de persoal para o exercicio 2021.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo (TRLRFL), o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da súa publicación, o cal tivo lugar mediante a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do día 24 de marzo de 2021 (BOP n.º 55), comezando a súa exposición o día 25 de marzo e rematando o prazo da mesma o día 16 de abril.

No citado período, e de conformidade coa certificación emitida polo Vicesecretario do Concello de data 19 de abril de 2021, recibíuse dos interesados unha alegación, a cal forma parte da documentación que forma parte do expediente de orzamento xeral para o ano 2021; posteriormente, solicitouse o informe pertinente ao departamento de persoal co obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Trala emisión do preceptivo ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, o Concello-Pleno en sesión ordinaria celebrada en data 29 de abril de 2021 adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.–Desestimar a alegación presentada por Dña. Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da sección sindical Unión Sindical Obrera (USO), por non atopar cabida a súa reclamación en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.

SEGUNDO.–Advertido o erro material en distintas aplicacións orzamentarias de gasto do orzamento 2021 na translación do crédito a consignar que figura recollido no IEF 2021, que ten o carácter de crédito afectado ao ingreso reflectido na transferencia corrente de Alcaldía baixo a aplicación de ingreso 45050 de importe total 907.237,77 euros, ao crédito consignado como crédito inicial de gasto no estado de gastos do orzamento xeral, apróbase que, consonte o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, se corrixa neste intre o antedito erro material e que nos créditos iniciais do estado de gastos do orzamento xeral do Concello onde di:

Cap.	Org.	Área	Pro.	Eco.	CX	Descrición	Créditos iniciais Aprobación inicial
2	010	2	24102	2260600	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. REUNIONS, CONFERENCIAS E CURSOS	78.853,42
2	010	2	24100	2260200	21	FOMENTO DO EMPREGO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	95.000,00
2	010	9	91201	2260100	38	PROTOCOLO. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS	100.000,00
2	010	9	91201	2260200	38	PROTOCOLO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	190.000,00
2	030	9	93200	2279901	45	XESTIÓN SISTEMA TRIBUTARIO. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	258.333,33

Debe dicir ou recoller:

Cap.	Org.	Área	Pro.	Eco.	CX	Descrición	Créditos iniciais Aprobación definitiva
2	010	2	24102	2040000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. ARREND. MATERIAL DE TRANSPORTE	25.600,00
2	010	2	24102	2240000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. PRIMAS DE SEGUROS	5.000,00
2	010	2	24102	2260600	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. REUNIONS, CONFERENCIAS E CURSOS	149.267,17
2	010	2	24102	2269900	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.226,98
2	010	2	24102	2279900	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. O. TRAB. REALIZ. POR O. EMP. E PROFESIONAIS	8.619,96
4	010	2	24102	4790000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. TRANSF. CORRENTES EMPRESAS PRIVADAS	30.000,00
4	010	2	24102	4890000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. TRANSF. CORRENTES NON NOMINATIVAS A F.I.S.F.L.	25.000,00
6	010	2	24102	6090000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. INV. NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	26.511,48
2	010	2	24100	2260200	21	FOMENTO DO EMPREGO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	55.000,00
2	010	9	91201	2260100	38	PROTOCOLO. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS	75.000,00
2	010	9	91201	2260200	38	PROTOCOLO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	165.961,16
2	030	9	93200	2279901	45	XESTIÓN SISTEMA TRIBUTARIO. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	155.000,00

TERCEIRO.–Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2021, composto polo da entidade matriz, o seu organismo autónomo “Auditorio de Galicia” e o das sociedades mercantís integramente participadas, Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA).

CUARTO.–Aprobar o cadro de persoal para o exercicio 2021 da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

QUINTO.–Aprobar as Bases de Execución e restante documentación complementaria que integra o Orzamento municipal de 2021.

SEXTO.–Se consideran anuladas as modificacións orzamentarias aprobadas sobre o orzamento do Concello 2020 prorrogado para 2021 que se relacionan no listado anexo a esta proposta. As dotacións afectadas polas anteditas modificacións de crédito considéranse incluídas nos créditos iniciais deste orzamento definitivo 2021 (artigo 21.6 do RD 500/1990, do 20 de abril).

SÉTIMO.–Se consideran anuladas as modificacións orzamentarias aprobadas sobre o orzamento do organismo autónomo “Auditorio de Galicia” 2020 prorrogado para 2021 que se relacionan no listado anexo a esta proposta. As dotacións afectadas polas anteditas modificacións de crédito considéranse incluídas nos créditos iniciais deste orzamento definitivo 2021 (artigo 21.6 do RD 500/1990, do 20 de abril).

OITAVO.–En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran, e entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado no artigo precitado e surtirá efectos desde o un de xaneiro.

NOVENO.–Do orzamento xeral definitivamente aprobado, remitirase copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior.

DÉCIMO.–De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal.

1.-RESUMO DE ORZAMENTOS E ESTADOS DE PREVISIÓN:**1.1.-ORZAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I	48.558.956,77	35.010.206,93
CAPÍTULO II	3.752.916,54	50.358.241,20
CAPÍTULO III	19.616.331,36	643.620,97
CAPÍTULO IV	33.940.448,54	17.432.280,78
CAPÍTULO V	357.517,20	100.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	106.226.170,41	103.544.349,88
CAPÍTULO VI	2.128.434,00	17.199.157,15
CAPÍTULO VII	4.425.709,27	1.309.750,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.554.143,27	18.508.907,15
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	112.780.313,68	122.053.257,03
CAPÍTULO VIII	65.000,00	122.198,00
CAPÍTULO IX	12.174.764,09	2.844.622,74
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	12.239.764,09	2.966.820,74
TOTAL ORZAMENTO 2021	125.020.077,77	125.020.077,77

1. II.-ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUDITORIO DE GALICIA

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		964.187,12
CAPÍTULO II		1.658.584,71
CAPÍTULO III	526.535,95	1.000,00
CAPÍTULO IV	2.141.922,72	23.000,00
CAPÍTULO V	4.845,45	6.532,29
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.673.304,12	2.653.304,12
CAPÍTULO VI		20.000,00
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	20.000,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.673.304,12	2.673.304,12
CAPÍTULO VIII	10.000,00	10.000,00
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	10.000,00	10.000,00
TOTAL ORZAMENTO 2021	2.683.304,12	2.683.304,12

1. III.–ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS DA SOCIEDADE MUNICIPAL DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA)

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		983.658,59
CAPÍTULO II		2.019.463,70
CAPÍTULO III	235.750,00	6.000,00
CAPÍTULO IV	2.804.786,50	
CAPÍTULO V		
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	3.040.536,50	3.009.122,29
CAPÍTULO VI		2.950,00
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	2.950,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.040.536,50	3.012.072,29
CAPÍTULO VIII		
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2021	3.040.536,50	3.012.072,29

1.IV.–ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS DA SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, S.A. (TUSSA)

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		2.379.320,24
CAPÍTULO II		805.485,64
CAPÍTULO III	2.825.439,63	1.140,00
CAPÍTULO IV	371.407,30	
CAPÍTULO V	32.604,35	
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	3.229.451,28	3.185.945,88
CAPÍTULO VI		193.000,00
CAPÍTULO VII	193.000,00	
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	193.000,00	193.000,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.422.451,28	3.378.945,88
CAPÍTULO VIII		
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2021	3.422.451,28	3.378.945,88

1. V.-ORZAMENTO CONSOLIDADO

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I	48.558.761,17	39.337.372,88
CAPÍTULO II	3.752.916,54	53.003.943,66
CAPÍTULO III	21.386.293,82	651.760,97
CAPÍTULO IV	34.862.037,76	13.058.753,48
CAPÍTULO V	375.094,13	106.532,29
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	108.935.103,42	106.158.363,28
CAPÍTULO VI	2.128.434,00	17.222.107,15
CAPÍTULO VII	4.425.709,27	1.309.750,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.554.143,27	18.531.857,15
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	115.489.246,69	124.690.220,43
CAPÍTULO VIII	75.000,00	132.198,00
CAPÍTULO IX	12.174.764,09	2.844.622,74
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	12.249.764,09	2.976.820,74

2.-CADRO DE PERSOAL ANO 2021**2.1.-CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2021****A.-ÓRGANOS DIRECTIVOS ARTIGO 130 LEI 7/1985 DE 2 DE ABRIL REGULADORAS DAS BASES DO RÉXIME LOCAL E DA LEI 57/2003 DE 16 DE DECEMBRO DE MEDIDAS DE MODERNIZACIÓN DO GOBERNO LOCAL**

5 Direccións de Área. Grupo A1

1 Vicedirección da Asesoría Xurídica. Grupo A1

B.-PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA**B1.-PERSOAL FUNCIONARIO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN NACIONAL**

1 Secretario/a.-Grupo A1

1 Interventor/a.-Grupo A1

1 Tesoureiro/a.-Grupo A1

1 Vicesecretario/a.-Grupo A1

1 Viceinterventor/a.-Grupo A1

1 Vicetesoureiro/a.-Grupo A1

1 Titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade.

B2.-ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**B.2.1.-Subescala Técnica**

25 Técnicos/as.-Grupo A1.-Nivel Titulación: Licenciatura ou equivalente en Dereito, Ciencias Políticas, Económicas ou Empresariais, ou equivalente.

B.2.2.-Subescala de Xestión

11 Técnicos/as de xestión.-Grupo A2.-Nivel de Titulación: Diplomatura universitaria ou equivalente coas especificacións que se conteñen na relación de postos de traballo (1 subinspector/a fiscal, 3 técnicos/as de xestión tributaria, 2 técnicos/as de xestión económico-financeira, 1 técnico/a de xestión catastral, 1 técnico/a de xestión de proxectos europeos, 1 técnico/a para a oficina orzamentaria, 1 técnico/a para benestar social e 1 técnico/a para a asesoría xurídica).

B.2.3.–Subescala Administrativa

82 Administrativos/as.–Grupo C1.–Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Ciclo Superior de Formación Profesional ou equivalente.

B.2.4.–Subescala Auxiliar

29 Auxiliares Administrativos/as.–Grupo C2.–Nivel Titulación: ESO (Secundaria), Ciclo Medio de Formación Profesional ou equivalente.

B.2.5.–Subescala Subalterna

7 Conserxes.–Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1.º grao ou equivalente.

12 Uxieres.–Agrupacións Profesionais do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP en diante). Nivel Titulación: Certificado de Escolaridade.

B3.–ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**B.3.1.–Subescala Técnica****B.3.1.1.–Técnicos/as Superiores**

2 Letrados/as. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura ou equivalente en Dereito.

2 Técnicos/as superiores de Medio Ambiente (Bioloxía, Química, Ciencias Ambientais, Enxeñaría Industrial ou Enxeñaría de Camiños). Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciado Superior.

1 Inspector/a sanitario. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura en Farmacia, en Químicas, ou en Bioloxía.

1 Arquivoiro/a. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura/Grao en Biblioteconomía e Documentación, Información e Documentación. Xeografía e Historia, Historia da Arte, Historia, Filosofía e Letras, Humanidades, Xestión Documental e Arquivística ou equivalente.

8 Arquitectos/as. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura na Escola de Arquitectura ou equivalente.

1 Arqueólogo/a. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura en Xeografía e Historia, especialidade de Arqueoloxía.

4 Economistas. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura en Ciencias Económicas ou Empresariais.

1 Analista de Sistemas Informáticos. Grupo A1. Nivel de titulación: Enxeñaría Superior de Telecomunicacións, Licenciatura en Informática ou Licenciatura en Matemáticas.

1 Técnico/a en prevención de riscos laborais. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciado/a Universitario/a con polo menos dúas especialidades do Regulamento de Prevención.

1 Técnico/a de programación e xestión cultural. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura universitaria en disciplinas afíns á área de Humanidades.

1 Licenciado/a en dereito para servizos sociais. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura en dereito.

1 Xornalista. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura/Grao en Xornalismo.

B.3.1.2.–Técnicos/as Medios

1 Técnico/a medio en prevención de riscos laborais. Grupo A2. Nivel de titulación: Diplomatura Universitaria ou equivalente con polo menos 3 especialidades do Regulamento de Prevención.

2 Enxeñeiros/as Técnicos/as en Obras Públicas. Grupo A2. Nivel de titulación: Enxeñaría Técnica de Obras Públicas.

3 Enxeñeiros/as Técnicos/as Industriais/Camiños.–Grupo A2.–Nivel de titulación: Enxeñaría Técnica Industrial/Camiños.

6 Aparelladores/as.–Grupo A2. Nivel de titulación: Arquitectura Técnica.

1 Graduado/a Social.–Grupo A2. Nivel de titulación: Graduado Social.

3 Técnicos/as medios en informática. Grupo A2. Nivel de titulación: Diplomatura Universitaria ou equivalente en Informática.

B.3.1.3.–Técnicos/as Auxiliares

6 Técnicos/as en Informática. Grupo C1. Nivel de titulación: Técnico/a Especialista en Informática, Ciclo Superior de F.P. ou equivalente.

8 Delineantes. Grupo C1. Nivel de titulación: Técnico Especialista en Delineación, Formación Profesional de 2.º grao ou equivalente.

1 Encargado/a da Oficina Municipal de Información ao Consumidor. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato Superior, Ciclo Superior de F.P. ou equivalente.

1 Técnico/a intermedio en prevención de riscos laborais. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato Superior, Ciclo Superior de F.P. ou equivalente, con curso homologado de prevención de 300 horas, ou Ciclo Superior de F.P. da familia profesional de mantemento e servizos á produción.

B.3.2. Subescala de Servizos Especiais

B.3.2.1. Persoal de Oficinos

B.3.2.1.1. Parques e Xardíns

3 Especialistas. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato Superior, Ciclo Superior de F.P. ou equivalente.

9 Oficiais Xardineiros. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria), Ciclo Medio de F.P. ou equivalente.

B.3.2.1.2. Parque Móbil

1 Xefe/a do Parque Móbil. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria), Ciclo Medio de F.P. ou equivalente.

2 Condutores/as. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria), Ciclo Medio de F.P. ou equivalente.

B.3.2.1.3. Vías e Obras

2 Capataces. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria), Ciclo Medio de F.P. ou equivalente.

4 Oficiais Albaneis. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria), Ciclo Medio de F.P. ou equivalente.

1 Oficial Fontaneiro/a Soldador/a. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria), Ciclo Medio de F.P. ou equivalente.

1 Oficial Carpinteiro/a metálico. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria), Ciclo Medio de F.P. ou equivalente.

B.3.2.1.4. Circulación e seguridade cidadá

1 Oficial Albanel (procedente da Brigada de Vías e Obras). Grupo C2 ES. Nivel de titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1.º grao ou equivalente.

B.3.2.2. Cometidos Especiais

B.3.2.2.1. Banda de Música

30 Músicos. Grupo A2.

6 Músicos. Grupo C1.

B.3.2.2.2. Sanidade e Medio Ambiente

3 Auxiliares de Inspección de Servizos. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria), Ciclo Medio de F.P. ou equivalente.

B.3.2.3. Extinción de Incendios

1 Oficial (Xefatura). Grupo A1.

5 Sarxentos. Grupo C1 de titulación.

8 Cabos. Grupo C2 de titulación.

47 Bombeiros/as – Condutores/as. Grupo C2 de titulación.

B.3.2.4. Policía Municipal

1 Intendente. Grupo A1. Escala técnica da Policía Municipal.

5 Inspectores/as principais. Grupo A2. Escala executiva da Policía Municipal.

9 Inspectores/as. Grupo A2. Escala executiva da Policía Municipal.

19 Oficiais. Grupo C1. Escala básica da Policía Municipal.

124 Policías. Grupo C1 Escala básica da Policía Municipal.

C.-PERSONAL LABORAL**C1.-IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS**

- 2 Avogados/as.
- 2 Psicólogos/as.
- 9 Traballadores/as Sociais.
- 3 Educadores/as Familiares.
- 1 Administrativo/a.
- 1 Auxiliar Administrativo/a.
- 1 Axente de emprego local.

C2.-BRIGADA DE VÍAS E OBRAS

- 1 Conductor/a.
- 1 Oficial Conductor/a-Palista.
- 1 Oficial Soldador/a.

C3.-BRIGADA DE PARQUES E XARDÍNS

- 1 Oficial.
- 1 Soldador/a.

C4.-DEPORTES

- 1 Técnico/a en Programación Deportiva.
- 1 Técnico/a en coordinación de instalacións deportivas.
- 1 Técnico/a de Mantemento.
- 8 Porteiros/as - Conserxes.

C5.-PARQUE MÓBIL

- 3 Condutores/as.

C6.-SERVIZOS INTERNOS

- 4 Conserxes.
- 1 Uxier, equiparado a persoal funcionario subgrupo E-14.

C7.-EDUCACIÓN / CENTROS SOCIOCULTURAI

- 3 Técnicos/as de Educación e Mocidade.
- 2 Técnicos/as de Programación.
- 5 Coordinadores/as de Centros Socioculturais.
- 2 Educadores/as - Monitores/as.
- 10 Animadores/as Socioculturais.
- 2 Auxiliares Administrativos/as.

C8.-EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

- 1 Técnico/a en Orientación Laboral.
- 3 Axentes de Desenvolvemento Local.

C9.-INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN

- 1 Técnico/a de Desenvolvemento Local.

C10.-DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

- 1 Técnico/a de Normalización Lingüística.

C11.-PRENSA E PUBLICACIÓNS

- 1 Xornalista.

C12.-TESOURERÍA E RECADACIÓN MUNICIPAL

6 Administrativos/as.

5 Auxiliares administrativos/as (antigas denominacións: auxiliares de recadación 2.^a e 3.^a, e auxiliares de oficina de 1.^a e 2.^a).

1 Subalterno/a.

C13.-ÓRGANOS DE GOBERNO

1 Auxiliar administrativo/a.

C14.-PERSOAL

1 Auxiliar administrativo/a.

C15.-OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR - OMIC

1 Auxiliar Administrativo/a.

C16.-BANDA DE MÚSICA

1 Director/a. Grupo A1. Contrato de alta dirección.

1 Músico. Grupo C1.

1 Músico. Grupo C2.

C17.-UMAD

4 Psicólogos/as.

2 Médicos.

1 Auxiliar de Clínica.

2 Educadores/as Especializados/as.

1 Administrativo/a.

2 ATS.

1 Director/a de Tempo Libre.

1 Monitor/a ocupacional.

1 Traballador/a social.

C18.-PERSOAL LABORAL FIXO PROCEDENTE DA EXTINTA EMUVISSA:

1 Licenciado/a en Dereito.

1 Licenciado/a en Empresariais.

2 Arquitectos/as.

1 Enxeñeiro/a de Camiños.

1 Delineante.

2 Administrativos/as.

D.-PERSOAL EVENTUAL

6 Asesores/as. Grupo A1.

11 Administrativos/as. Grupo C1.

NOTA.-Todas as prazas cubertas por sentenza que declare unha relación laboral indefinida serán incluídas na correspondente OEP para a súa cobertura consonte os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2.2.-CADRO DE PERSOAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO "AUDITORIO DE GALICIA" PARA O ANO 2021:**A.-PERSOAL DIRECTIVO**

1 Director/a Xerente. Asimilado Grupo A1. Nivel 30. Titulación: Licenciado/a Universitario/a.

B.-PERSOAL LABORAL

1 Subdirector/a. Asimilado Grupo A1. Nivel 24. Titulación: Licenciado/a Universitario/a.

- 1 Administrador/a. Asimilado Grupo A1. Nivel 24. Titulación: Licenciado/a en CC. Económicas ou Empresariais.
- 1 Técnico/a Superior en Comunicación. Asimilado Grupo A1. Nivel 22. Titulación: Licenciado/a en CC. da Comunicación ou Comunicación Audiovisual.
- 1 Responsable de Exposicións e Actividades Culturais. Asimilado Grupo A2. Nivel 22. Titulación: Diplomado/a Universitario/a.
- 1 Responsable Taquillas e Apoio Administrativo. Asimilado Grupo C1. Nivel 18. Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional 2.º Grao ou equivalente.
- 3 Oficiais Administrativos/as. Asimilado Grupo C1. Nivel 18. Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional 2.º Grao ou equivalente.
- 4 Vixiantes. Asimilado Grupo C2. Nivel 15. Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1.º Grao ou equivalente.
- 2 Oficiais de mantemento. Asimilado Grupo C2. Nivel 15. Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1.º Grao ou equivalente.
- 2 Porteiros/as. Asimilado Grupo C2. Nivel 15. Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1.º Grao ou equivalente.

A adaptación ao novo Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior realizarase de acordo co establecido no Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo, e coa lexislación vixente derivada desta.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021.

A concelleira delegada de Economía e Facenda

Marta Abal Rodríguez

2021/3587